

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 29 DE ABRIL DE 2021

Ás 10:35 horas do día 29 de abril de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 26 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación de edificación para centro de formación na rúa Alta, nº23" (803-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. CONSTRUCCIONES OREGA
  2. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.
  3. ORECO, S.A.U.
  4. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:48	Páxina 1 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A747-5EDFDH-224C47-ZYH84P-1F3Y8D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en vias do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur" (666-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
  2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
  3. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
  4. NAROM, S.L.

**4.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación de edificación para centro de formación na rúa Alta, nº23" (803-441)**

Procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en vias do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur" (666-441)**

Procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada José Rivas" (653-441)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:48	Páxina 2 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A747-5EDFDH-224C47-ZYH84P-1F3Y8D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 23 de abril de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na subida a Relfas – Sárdoma" (654-441)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 23 de abril de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
2. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.

**c) Procedemento aberto mixto, de servizos e obra, para a contratación do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 26 de abril de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Instalación dun ascensor entre a praza da Estación e a rúa Urzaiz" (774-441)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:48	Páxina 3 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A747-5EDFDH-224C47-ZYH84P-1F3Y8D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 23 e 26 de abril de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación integral do céspede de herba natural e da instalación do alumeadado do terreo de xogo do campo municipal de fútbol do Vao-Coruxo" (698-441)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 26 de abril de 2021 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**10.- Propostas de clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Instalación dun ascensor entre a praza da Estación e a rúa Urzaiz" (774-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Instalación dun ascensor entre a praza da Estación e a rúa Urzaiz" (774-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	95.22
2	ORECO, S.A.U.	61.58

Segundo.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:48	Páxina 4 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A747-5EDFDH-224C47-ZYH84P-1F3Y8D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación integral do céspede de herba natural e da instalación do alumeado do terreo de xogo do campo municipal de fútbol do Vao-Coruxo" (698-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación integral do céspede de herba natural e da instalación do alumeado do terreo de xogo do campo municipal de fútbol do Vao-Coruxo" (698-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	CALFENSA PROYECTOS S.L.	95.86
2	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S.A.- XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	91.86
3	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	90.56
4	ARCE JARDINERÍA, S.L.	81.33

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CALFENSA PROYECTOS S.L. (B-27.182.682), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**11.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) (lote 3)**

Dáse conta do escrito presentado por QUÍMICA FÁCIL, S.L. de data 28 de abril de 2021 (documento nº 210071759) no que solicitan aclaracións sobre os motivos de exclusión deste lote.

En relación co citado escrito a Mesa acorda, por unanimidade, que polos servizos xestores deste expediente (Prevención de Riscos Laborais e Servizo de Contratación) se informe ao licitador dos motivos solicitados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:48	Páxina 5 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A747-5EDFDH-224C47-ZYH84P-1F3Y8D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 16 de outubro de 2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO OITENTA E CINCO MIL CENTO CORENTA EUROS CON OITO CÉNTIMOS (185.140,08 EUROS) sendo o importe correspondente ao IVE de 32.131,75 €

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3230.622.00.05 (CUBRICIÓN DE PATIOS DE COLEXIOS).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 11 de febreiro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

”Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de ”Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro” (655-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	86,72
2	EICROS GESTIÓN, S.L.	79,82
3	CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.	75,31
4	CONSTRUCCIONES Y DISEÑO LUICON, S.L.U.	71,34
5	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	59,07

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. (A-36.115.459), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES ABAL, S.A., o día 12 de febreiro de 2021. Dentro do prazo concedido o licitador no presentou documentación ningunha, polo que de acordo co previsto no artigo 150.2 da LCSP, entendeuse retirada a oferta e procedeuse a solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar, EICROS GESTIÓN, S.L.

Dentro do prazo concedido o licitador non presentou documentación ningunha, polo que tamén se entendeu retirada a oferta e se procedeu a solicitar a mesma documentación ao



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:48	Páxina 7 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A747-5EDFDH-224C47-ZYH84P-1F3Y8D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



licitador clasificado en terceiro lugar, CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L., quen presentou documentación o 21 de abril de 2021, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 23 de abril de 2021 revisou a documentación presentada por este licitador e acordou, por unanimidade, concederlle un prazo de tres días para que puidese acreditar a solvencia económica e técnica esixida no prego de cláusulas administrativas. Con carácter previo á notificación do requirimento, o 23 de abril de 2021, CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. presentou a correspondente documentación.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 29 de abril de 2021 revisou a documentación presentada polo licitador clasificado en terceiro lugar, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 1 e 5 de febreiro de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:48	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A747-5EDFDH-224C47-ZYH84P-1F3Y8D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:

- Sesión do 4 de marzo de 2021: enténdese retirada a proposición presentada polo primeiro clasificado, CONSTRUCCIONES ABAL, S.A., por non cumprimentar o requirimento previsto no artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido.
- Sesión do 8 de abril de 2021: enténdese retirada a proposición presentada polo segundo clasificado, EICROS GESTIÓN, S.L., por non cumprimentar o requirimento previsto no artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido.

2. Adxudicar a CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. (B-94.075.207) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 157.354,30 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 27.309,42 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na Estrada da Venda" (652-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na Estrada da Venda" (652-441)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 19 de novembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:48	Páxina 9 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A747-5EDFDH-224C47-ZYH84P-1F3Y8D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DA VENDA" redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SESENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (269.358,34 €) e sinatura dixital de data 12 de maio de 2018.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 09 de outubro de 2020.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS SESENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (269.358,34 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 46.748,14 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARÚAS, COFINANCIADO DEPUTACIÓN).*

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 15 de abril de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de xaneiro de 2021 de non admitir neste procedemento a DESMACO, S.L.U. por ter presentado a documentación para emenda do Sobre A (DEUC) sen asinar (artigo 140.1a da LCSP).*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na Estrada da Venda" (652-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
<b>1</b>	<b>OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.</b>	<b>95,89</b>
2	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	94,07
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	92,68
4	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	92,39
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,09
6	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	91,78
7	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	89,33
8	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	86,91
9	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	86,42



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., o día 16 de abril de 2021, que presenta a documentación requirida o 27 de abril, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 29 de abril de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:48	Páxina 11 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A747-5EDFDH-224C47-ZYH84P-1F3Y8D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

datas 5 e 9 de abril de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de xaneiro de 2021, de non admitir neste procedemento a DESMACO, S.L.U. por ter presentado a documentación para emenda do Sobre A (DEUC) sen asinar (artigo 140.1a da LCSP).*
2. *Adxudicar a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B-36.494.185) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na Estrada da Venda" (652-441) por un prezo total de 199.944,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 34.701,15 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 12:48	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A747-5EDFDH-224C47-ZYH84P-1F3Y8D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		